

## MARIANNE E MADDALENA

**XOVES 13 FEBREIRO 2025**

Auditorio de Galicia, 20.30 h

**REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA**

**AMANDINE BEYER, directora e violín**

**PRE-CONCERTO ALUMNADO CAEO DA EAEM**

Sala Mozart, 19.30 h

G. Torelli: Sinfonía en Re M para trompeta, corda e continuo,

E. F. Dall'Abaco: Concerto 5 en Do M

G. P. Telemann: Concerto para trompa en Re M

A. Vivaldi: Concerto para fruta traveseira

A. Vivaldi: Segundo movemento do Concerto en Do M RV 556 (Largo e cantabile)

Belén Aragunde (fruta), Francisco Javier Ruiz (óboe), Erika García (clarinete), Roi Guzmán (trompa), Óscar Rial (trompeta), Jorge Denis (percusión), Yiran Niu e Pedro Budiño (violín), Xiana Baliñas e Inés Fernando (viola), Esther Fernández (violonchelo), Irene Sancho (contrabaixo)

**Amandine Beyer, directora**

# PROGRAMA

**MARIANNE VON MARTINEZ  
(1744-1812)**

Sinfonía en Do maior  
*Allegro con spirito*  
*Andante ma non troppo*  
*Allegro spiritoso*

**MADDALENA LOMBARDINI  
(1745-1818)**

Concerto para violín núm. 3 en La  
maior, op. 3  
*Allegro*  
*Adagio*  
*Rondo: Allegretto*

**FRANTIŠEK XAVER RICHTER  
(1709-1789)**

Sinfonía con fuga en sol menor, op. 7

# REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA **2024 - 2025**

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde 2023, o seu director titular e artístico e Sebastian Zinca o seu director asistente. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

## **DIRECTORA E VIOLÍN**

Amandine Beyer

## **VIOLÍNS I**

Adrián Linares,  
concertino  
Adriana Winkler,  
axuda de concertino  
Anca Smeu \*\*  
Michal Ryczel  
Yulia Petrushevskaya  
Ilya Fisher  
Victoria Jurov  
Ildiko Oltaí

## **VIOLÍNS II**

Nikolay Velikov\*  
Elina Viksne\*\*  
Samira Ajkic  
Gyula Vadaszi  
Enrique Roca  
Kiyoko Ohashi  
Helena Sengelow  
Irina Gruia

## **VIOLAS**

Natalia Madison \*  
Ionela Ciobotaru \*\*  
Ignacio Marino  
Iriana Fernández  
Anne Schlossmacher  
Oxana Bakulina  
Timur Sadykov

## **VIOLONCELLOS**

Barbara Switalska \*  
Millán Abeledo \*\*  
Manuel Lorenzo  
Carlos García  
Fabio Arias  
Thomas Piel

## **CONTRABAIXOS**

Carlos Méndez \*  
Alfonso Morán \*\*  
Amador Del Pozo

## **FRAUTAS**

Laurent Blaiteau \*  
Luis Soto \*\*

## **ÓBOES**

Esther Viudez \*  
Avelino Ferreira (R) \*\*

## **TROMPAS**

Jordi Ortega \*  
Alfredo Varela \*\*

## **TROMPETAS**

Javier Simó \*  
Ramón Llåtser \*\*

## **TIMBAL**

José Vicente Faus \*

## **CLAVE**

Eloy Orzaiz (R)

# AMANDINE BEYER

## DIRECTORA E CONCERTINO

Desde o inicio da súa carreira, hai máis de vinte anos, Amandine Beyer ofreceu concertos en todo o mundo, tocando en prestixiosas salas como a Philharmonie de París, o Carnegie Hall de Nova York, o Wigmore Hall de Londres, Bozar en Bruxelas, o Oji Hall de Toquio... Foi convidada regularmente como solista e directora por conxuntos como Freiburger Barock Orchester, Akademie Für Alte Musik, Arion Orchestra de Montreal, European Union Baroque Orchestra, Tafelmusik Baroque Orchestra de Toronto, Les Siècles, Ensemble 415 de Chiara Banchini, Finnish Baroque Orchestra...

En 2006, Amandine Beyer funda o seu propio grupo Gli Incogniti, co que aborda a música de Bach, Vivaldi, Corelli, Pachelbel, Matteis, Couperin, CPE Bach, Haydn, Mozart... Gli Incogniti tocou nos máis prestixiosos festivais e salas de concerto tanto en Francia (Philharmonie de París, Théâtre des Champs Élysées, Arsenal de Metz, Opéra de Bordeos, Festival Radio France Montpellier

Occitanie, Festival de Saintes...) como do resto do mundo (Boston Festival, Bergen International Festival en Noruega, Wigmore Hall, Concertgebouw de Bruxas, Flagey e Bozar en Bruxelas, Philharmonie de Liexa, Philharmonie de Luxemburgo...).

En 2011 Amandine Beyer grava as *Sonates & Partitas* de J.S. Bach (ZigZag Territoires/Outhere Music) co que obtén un enorme éxito de crítica e público. Pouco despois é chamada pola coreógrafa Anne-Teresa de Keersmaeker (directora da compañía de danza Rosas) para crear o espectáculo *Partita 2*. Tras cinco representacións na Cour d'Honneur do Palacio dos Papas de Aviñon que clausurarán o Festival IN, iníciase unha xira internacional con máis de 80 representacións por todo o mundo.

Esta colaboración continúa en 2018 coa participación do seu grupo Gli Incogniti no proxecto The Six Brandenburg Concertos, que se representará na Ópera de París, a Monnaie de Bruxelas, Berlín, Nova York, Liexa, Lille,

Luxemburgo... En 2022, colaborarán unha vez máis con *Mystery Sonatas / for Rosa* que pon en escena a integral das *Sonatas do Rosario* do compositor austríaco Heinrich Ignaz Franz Biber.

Paralelamente, Amandine Beyer desenvolve unha importante actividade camerística con músicos como Pierre Hantaï, Kristian Bezuidenhout ou Andreas Staier, que abarca desde o repertorio barroco ao romántico con compositores como Schubert ou Beethoven. En 2015 crea o Kitgut Quartet, cuarteto de cordas con instrumentos históricos. O seu primeiro disco *T'is too late to be wise*, adicado a Haydn e á música inglesa (Purcell, Locke), é publicado en 2019 por Harmonia Mundi e eloxiado pola crítica.

Desde a gravación en 2008 das *Catro Estacións* de Vivaldi que dá a coñecer o grupo ao gran público, a discografía de Amandine Beyer e de Gli Incogniti é recibida calorosamente pola crítica e recompensada con nume-

rosas distincións (Diapason d'Or, Choc de l'année, Gramophone Editor's Choice, 4F de Télérama). Na temporada 2022/23, no espazo de poucos meses, dous discos foron publicados por Harmonia Mundi. En setembro de 2022 *Il Mondo al Rovescio*, dedicado aos concertos para varios instrumentos de Vivaldi e máis tarde, en febreiro de 2023, o disco *Mystery Sonatas*, coa integral das *Sonatas do Rosario* de Biber.

Tras os seus estudos na clase de Chiara Banchini na Schola Cantorum Basiliensis, Amandine Beyer sucédea como profesora de violín barroco en 2010. Apaixonada da ensinanza e a transmisión, crea en 2017 unha Academia de música de cámara e traballo corporal con Gli Incogniti. Foi convidada regularmente para impartir clases maxistras por todo o mundo (Italia, Alemaña, Taiwán, Estados Unidos, O Canadá...).

# NOTAS AO PROGRAMA

## MARIANNE E MADDALENA

O concerto da Real Filharmonía desta noite leva por título Marianne e Maddalena en referencia a dúas das súas protagonistas: as compositoras Marianne von Martínez (á que xa nos achegamos noutra ocasión esta temporada) e Madalenna Lombardini. A este elenco feminino súmase a figura de František Xaver Richter, un dos fundadores da famosa Escola de Mannheim. Os tres artistas teñen como denominador común o feito de ser autores esquecidos ou eclipsados tras o paso do tempo, ben pola condición de muller ou pola longa sombra que crearon os tres grandes xenios do Clasicismo: Mozart, Haydn e Beethoven.

A primeira obra do programa é a *Sinfonía en Do Maior* de Marianne von Martínez (1744-1812), a única composta por unha muller durante o Clasicismo. Ana Catharina Martínez (Marianne era nome artístico) naceu en Viena, pero tiña ascendencia española, xa que o seu pai, Nicolás Martínez, foi un diplomático austracista acollido na capital austríaca trala derrota do arquiduque Carlos na

guerra de sucesión española fronte aos Borbóns. Destacou como pianista e cantante e posteriormente centrouse na composición, escribindo máis de 200 obras de distintos xéneros. Tivo unha ampla formación con grandes nomes da época como Haydn, que a chamaba “a pequena española” e co que aprendeu composición e clave dende os 10 anos; Pórpora (canto) ou o poeta e libretista Metastasio, que ademais foi o seu amigo e amante e que se refería a ela como “a miña Santa Cecilia”. Marianne destacou nun mundo de homes e a súa música e talento foron respectados e recoñecidos na súa época (era a compositora favorita da raíña María Teresa), sendo declarada en 1733 Doutora *Honoris Causa* da Universidade de Padua e ingresando nese mesmo ano na Accademia Filarmonica di Bologna (primeira muller na historia). Coincidiu en espazo e tempo con Salieri, Mozart e Beethoven e todos os sábados acollía na súa casa serás musicais chamadas *Akademien*, nas que ela e artistas tan importantes como o propio Mozart e o seu pai tocaban

xuntos. Porén, estes éxitos non perduraron no tempo e a súa música caeu no esquecemento. A obra que hoxe nos ocupa, a *Sinfonía en Do maior*, suponse que foi composta na década de 1770. No manuscrito conservado, o seu título figura como “abertura”, e de feito a orixe de moitas das sinfonías temperás do Preclasicismo e Clasicismo foi como aberturas *avanti l’opera* (é dicir aberturas antes da ópera) que constaban sempre de tres partes seguindo o esquema Rápido-Lento-Rápido. Do mesmo xeito esta peza consta de tres movementos: *Allegro con spirito*, *Andante ma non troppo* e *Allegro spiritoso*. Todos eles responden a unha estrutura de forma sonata dividida en tres partes –Exposición, Desenvolvemento e Recapitulación– na que as seccións extremas están protagonizadas por dous temas contrastantes (a excepción do primeiro movemento, no que temos unha recapitulación “incompleta”, só coa segunda parte da exposición).

A seguinte obra será o *Concerto para violín núm. 3 en La maior*, op. 3 de Maddalena Lombardini (1745-1818), violinista e cantante de ópera que acadou importantes cotas de éxito e como outras moitas foi borrada pola historia. De orixe moi humilde, sendo moi pequena foi ingresada no Ospedale dei Mendicanti, un dos moitos hospicios para nenos orfos ou sen recursos da cidade de Venecia. Estas institucións proporcionaban aos seus acollidos unha importante formación musical e no caso das nenas recibían o nome de *figle de coro*. Maddalena demostrou moi pronto unhas asombrosas aptitudes musicais e foi enviada a Padua para estudar con Tartini, o máis célebre virtuoso do violín da xeración posterior a Vivaldi, creador dunha grande escola continuadora do labor de Corelli e autor de 135 concertos para o instrumento e outras tantas sonatas que elevaron a técnica do violín. En 1767, e despois de vinte anos ingresada no hospicio, licenciouse como mestra da institución e decidiu abandonar a vida en clausura

e casarse con Ludovico Sirmen, violinista e mestre de capela en Bérgamo. Contradiciendo as normas e impedimentos habituais da época, Lombardini decidiu non deter a súa carreira musical ao contraer matrimonio e para iso tivo que pedir un permiso especial na Xunta de Gobernadores de Venecia. En 1772, por razóns que se descoñecen, decide deixar o violín, a pesar de que estaba no cumio da súa carreira e nun bo momento persoal, e convértese en cantante de ópera. Nesta nova faceta recorre distintos países europeos e tamén canta no Teatro Imperial de San Petersburgo. Porén, sempre tivo máis éxito como violinista, e en 1785, retoma a súa carreira como intérprete do instrumento. Son moitos os interrogantes na parte final da súa vida e non se sabe cando e onde morreu.

O catálogo compositivo de Maddalena Lombardini inclúe 6 cuartetos, 6 tríos para 2 violíns e violoncello, sonatas e duetos para 2 violíns, ademais de numerosos concertos para violín con orquestra de cámara que alcanzaron moito éxito. O seu estilo demostra que estaba ao día das técnicas do seu tempo e que escribía con gran mestría para o seu instrumento. Algúns dos seus concertos foron transcritos para clave, unha

práctica moi habitual na época, e foron recoñecidos por compositores coetáneos como Leopold Mozart (1719-1787) que dicía que eran “partituras de gran beleza compositiva e acerto no trato da instrumentación”. Parece ser que os concertos op. 3, dos que forma parte o que hoxe interpretará Amandine Beyer, foron escritos na década de 1760 cando Madalenna era aínda alumna de Tartini. Todos eles presentan unha escritura moi virtuosa (dobres cordas, trinos...) e adiantan o estilo clásico que comezaba a inundar Europa. O *Concerto para violín núm. 3 en La maior, op. 3* presenta, ao igual que xa o facían os concertos solistas da primeira metade do século XVIII, un contraste ou enfrontamento entre o *tutti* (a orquestra) e o solista, e unha estrutura en 3 movementos: dous rápidos enmarcando un intermediolento. O primeiro, *Allegro*, responde a unha estrutura herdeira da forma *ritornello* do Barroco, na que *ritornellos* (pasaxes orquestrais) alternan con intervencións do solista chamadas episodios. Destaca tamén a presenza dunha cadencia, fragmento no que o solista interpreta sen acompañamento unha pasaxe virtuosa que na época era improvisada no momento. O segundo, *Adagio*, supón un forte contraste co seu carácter melancólico, e finalmente, escoitaremos



o *Rondo. Allegreto*, no que detectaremos a aparición dun tema recorrente que alterna con outros diferentes á maneira dun retrouso.

Pechamos o programa da man de František Xaver Richter (1709-1789), compositor nacido na rexión de Moravia, na actual República Checa. O autor, que ao igual que a Lombardini era violinista e cantante, foi fundador xunto a Johan Stamitz da famosa Escola de Mannheim en 1747, a capela musical da corte do Príncipe Elector do Palatinado Karl Theodor. Nesta cidade alemá creouse unha importante orquestra que fixaría o modelo para todo o Clasicismo (cordas, madeiras a dous, trompetas, trompas e timbais) e que destacou pola súa disciplina de grupo en ataques e matices. Un grupo de compositores que traballou nesta corte, entre eles Richter, sentaron as bases da sinfonía e do estilo clásico, exercendo unha grande influencia sobre Mozart e Haydn. En 1769, o compositor moravo, trasladouse a Estrasburgo, onde tamén se empapou dun fervoroso ambiente musical no que brillaban catro orquestras. Richter, ao igual que outros compañeiros de xeración, formouse no estilo severo do Barroco, e pouco a pouco foi introducindo novidades propias do

estilo galante (preclásico) como a claridade estrutural, a variedade rítmica e dinámica, a redución da lonxitude temática e o uso do cromatismo. Crese que foi discípulo de Johann Joseph Fux, autor dun importante tratado de contrapunto, e é evidente a influencia deste na súa obra (o propio Richter escribiu un tratado que se titulou *Harmonische Belehrungen gründliche Anweisung zu der musikalischen Ton-Kunst oder regularen Komposition* –Instrucións harmónicas para a aprendizaxe da arte musical ou das regras de composición–). O seu xénero favorito foi a sinfonía, e escribiu máis de 60 obras neste campo nas que atopamos recursos da escola de Mannheim como os grandes *crescendi* coa mesma harmonía, as dinámicas contrastantes (forte/piano), o dominio de melodías sinxelas sobre outros parámetros musicais, a escritura independente para ventos, ou a presenza dos coñecidos como “Mannheim Manieren” que incluían trémolos, pausas repentinas, motivos de suspiros ou mordentes.

*A Sinfonía con fuga núm. 29 en Sol menor op. 7* foi publicada en París en 1760 e mestura elementos propios do Barroco –como o emprego dunha fuga como estrutura ou a preferencia por unha tonalidade

menor máis dramática– coa linguaxe tonal propia do Clasicismo posterior, o que a converte nun bo exemplo dos cambios graduais que tiveron lugar no período de transición entre ambos estilos. Está dividida en tres movementos: *Adagio-Allegro molto*, *Andante* e *Presto*. No primeiro, o *Adagio* funciona como unha introdución e crea unha atmosfera de meditación e a continuación aparece a fuga. Esta era unha forma que xurdira no Barroco e que se caracterizaba pola presenza dun tema que se denominaba suxeito e que se ía imitando en distintas voces. No caso que nos ocupa o tema é unha escala cromática descendente en valores longos que escoitaremos inicialmente nos violíns primeiros e despois e nesta orde, nos violíns segundos, nas violas e baixos. O segundo movemento é interpretado só pola corda e trátase dunha especie de aria na que os violíns ao unísono cantan sobre un acompañamento sinxelo en violas e baixos. No *Presto* recupéranse todos os efectivos orquestrais para interpretar un movemento de marcado carácter rítmico.

Por todo o exposto, podemos considerar a proposta desta noite como unha oportunidade para achegarse como oíntes á obra de dúas compositoras que brillaron

nun mundo que non llelo puxo fácil e tamén a Richter, un dos membros da coñecida por algúns estudosos como “xeración perdida” (xunto a Quantz e Hasse), que quedaron marxinados co paso do tempo. Sen dúbida unha forma de facerlles xustiza a estes tres xenios relegados pola historiografía musical a meras curiosidades.

**Carme Tubío Barreira**



**REAL  
FILHARMÓNIA  
DE GALICIA**



**AUDITORIO DE GALICIA**

Avenida do Burgo das Nacións, s/n  
15705 Santiago de Compostela

**DESPACHO DE BILLETES**

AUDITORIO 981 571 026  
ZONA C 981 542 462

**OFICINAS**

981 552 290

[rfgalicia.org](http://rfgalicia.org)  
[compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal)

**INSTAGRAM**

@realfilharmoniadegalicia  
@compostelacultura

**FACEBOOK**

RealFilharmoniadeGalicia  
CompostelaCultura

**TWITTER**

@CCultura

**TIKTOK**

@realfilharmoniadegalicia

**PRÓXIMO CONCERTO**  
**ROMPENDO MOLDES**

**XOVES 20 FEBREIRO**

Auditorio de Galicia, 20.30 h

**Baldur Brönnimann, director**

**Vadym Kholodenko, piano**

- Claude Debussy: Prélude à l'après-midi d'un faune
- Franz Liszt: Concerto para piano núm. 2 en La maior, S. 125
- Joachim Raff: Sinfonía núm. 5 en Mi maior, op. 77 "Lenore"

**CONVERSANDO CON...** Baldur Brönnimann

Sala Mozart, 19:45h

